



Confederación Intersindical Galega

## INFORMACIÓN NOVOS PERMISOS FAMILIARES PARA O PERSOAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O Consello de Ministros/as aprobou en día 27 de xuño de 2023, unha serie de permisos familiares incluídos no RD 5/2023, que aglutina cuestións diversas (situacións de vulnerabilidade, consecuencias da guerra, volcán da Palma, adaptacións a normativas europeas...) todas elas cun marcado carácter electoralista.

Algúns destes permisos estaban recollidos na Lei de familias que estaba en proceso de tramitación mais ficou interrompida por mor do adiamento electoral ao disolver as Cortes, aproveitando outro marco normativo (*medidas de resposta ás consecuencias da guerra de Ucraína, volcán da Palma,...*) para aprobar medidas descafeinadas que consideran que poden ter un efecto positivo nas urnas.

### MODIFICACIÓN DE PERMISOS E DEREITOS DE CONCILIACIÓN EN VIGOR A PARTIR DO 30 DE XUÑO DE 2023

- **PERMISOS RETRIBUÍDOS: (ARTIGO 48 DO EBEP)**

#### **5 DÍAS HÁBILES POR ACCIDENTE OU ENFERMIDADE GRAVES, HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO DE FAMILIARES DE PRIMEIRO GRAO OU PERSOA CONVIVENTE**

Como novidade, recolle a posibilidade de que se beneficien deste permiso o persoal que teña que coidar persoas que convivan no mesmo domicilio, sen requirir grao de familiaridade e tamén as parellas de feito, así como familiares consanguíneos da parella de feito.

Elimínase a ampliación de días de licenza se é preciso desprazamento.

#### **4 DÍAS HÁBILES POR ACCIDENTE OU ENFERMIDADE GRAVES, HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO DE FAMILIARES DE SEGUNDO GRAO DE AFINIDADE OU CONSANGUINIDADE.**

Como novidade equipara o dereito a familiares consanguíneos da parella de feito.

Elimínase a ampliación de días de licenza se é preciso desprazamento.

#### **3 DÍAS HÁBILES POR FALECIMENTO DE CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU PARENTES DE PRIMEIRO GRAO.**

Amplía este dereito a parellas de feito. Neste caso si que se mantén a ampliación en dous días (5 días hábiles en total) se é preciso un desprazamento fóra da localidade .

## **2 DÍAS HÁBILES POR FALLECEMENTO DE FAMILIAR DENTRO DO SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE.**

Amplía este dereito a familiares por consanguinidade de parellas de feito. *Neste caso si que se mantén a ampliación en dous días se é preciso un desprazamento fóra da localidade (ficando en 4 días hábiles) .*

## **15 DÍAS NATURAIS EN CASO DE REXISTRO DE PARELLA DE FEITO.**

- **PERMISO DE 8 SEMANAS PARA O COIDADO DE CRIANZAS MENORES DE 8 ANOS (NOVO APARTADO G) NO ARTIGO 49 DO EBEP**

O texto recolle un novo permiso para o coidado de fillas/os/es ou menores acollidas/os por tempo superior a un ano, que poderá desfrutarse até que teña 8 anos.

Este permiso, de duración non superior a 8 semanas, continuas ou discontinuas, é intransferíbel e poderá desfrutarse a xornada completa ou a tempo parcial.

Corresponderá á persoa solicitante especificar a data de comezo e fin do desfrute cunha antelación mínima de 15 días, agás forza maior.

Cando concorran dúas solicitudes polo mesmo suxeito causante e o desfrute simultáneo altere o funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, poderase adiar a concesión do permiso por un período razoábel, xustificando por escrito e tras ter ofrecido unha alternativa de goce flexíbel.

*Galiza, 29 de xuño de 2023.*

**Confederación Intersindical Galega**

**PERMISO NON RETRIBUÍDO DE 8 SEMANAS PARA COIDADADO DE CRIANZAS MENORES DE 8 ANOS**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

**PRIMEIRO:** de conformidade co establecido no artigo 49 g) do EBEP, segundo o cal *as persoas traballadoras terán dereito a un **permiso parental para o coidado de filla, fillo** (ou menores acollidas/os por tempo superior a un ano), que poderá desfrutarse **até que teñan 8 anos**, e que **será de duración non superior a 8 semanas**, continuas ou discontinuas, podendo desfrutarse a tempo completo ou en réxime de xornada a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme aos termos que regulamentariamente se establezan.*

**SEGUNDO:** *que este permiso constitúe un dereito individual das persoas traballadoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio. Cando as necesidades do servizo o permitan corresponderá á persoa proxenitora, adoptante ou acollidora especificar a data de inicio e fin do desfrute ou, no seu caso, dos períodos de desfrute, debendo comunicalo á Administración cunha **antelación de 15 días**, e realizándose por semanas completas”.*

**SOLICITO:**

Desde o vindeiro día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do presente ano, até o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_ desfrutar do permiso parental de \_\_\_ semanas para o coidado de crianzas menores de 8 anos.

Confederación Intersindical Galega

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

Departamento de persoal

## PERMISO POR MATRIMONIO OU UNIÓN DE FEITO

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

### MANIFESTO:

Que de conformidade co establecido no artigo 48 i) do EBEP, o traballador ou a traballadora, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, durante **15 días naturais** en caso de **matrimonio ou rexistro ou constitución formalizada por documento público de parella de feito**.

### SOLICITO:

Desde o día ___ de _____ de 20___, até o día ___ de _____ de 20__ desfrutar dos 15 días de permiso.
---

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de 15 días, entenderase estimada a petición.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

O departamento de persoal

Confederación Intersindical Galega

**PERMISO POR ACCIDENTE/ENFERMIDADE GRAVE/HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 48 a) do EBEP, o traballador ou a traballadora, ten dereito a **“5 días por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario da persoa cónxuxe, parella de feito ou parentes até o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa funcionaria ou funcionario no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela”**.

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ dos 5 días de permiso.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

Confederación Intersindical Galega

O/a traballador/a

O departamento de persoal

**PERMISO POR ACCIDENTE/ENFERMIDADE GRAVE/HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN DUN FAMILIAR DENTRO DO SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 48 a) do EBEP, o traballador ou a traballadora, ten dereito a **“4 días polo accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade”**.

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ dos 4 días de permiso.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

O departamento de persoal

Confederación Intersindical Galega

**PERMISO POR FALECIMENTO DA PERSOA CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU FAMILIAR DE PRIMEIRO GRAO**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 48 a) do EBEP, o traballador ou a traballadora ten dereito a **“3 días polo falecemento da persoa cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, se o falecemento se produciu na mesma localidade, 5 días cando fose en distinta localidade”**.

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ (marcar onde proceda) de:

- 3 días hábiles
  - 5 días hábiles
- días de permiso.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

O departamento de persoal

**PERMISO POR FALLECIMENTO DA PERSOA CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU FAMILIAR DE SEGUNDO GRAO**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 48 a) do EBEP, o traballador ou a traballadora, ten dereito a **"2 días hábiles polo falecemento de familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, se o falecemento se produciu na mesma localidade, 4 días cando fose en distinta localidade"**.

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ (marcar onde proceda) de:

- 2 días hábiles  
 4 días hábiles  
días de permiso.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

Confederación Intersindical Galega

O/a traballador/a

O departamento de persoal